

## Carta aos lectores

**O** idioma é o obxecto máis adaptado para asumir o papel de símbolo da nosa identidade. Pero ¿en que medida podemos estar en galego no mundo? Esa foi a aposta do Igadi hai quince anos, convencidos tamén da potencialidade internacional da nosa lingua. Agora cómpren estratexias, e nelas debe contar o peso económico e a significación política dos falantes, as perspectivas demográficas ou a demanda internacional da lingua, pero tamén as políticas adoptadas polas institucións responsables. Hai marxes de crecemento posible para o número de falantes da nosa lingua máis alá de Galicia? Hai un espazo onde pode seguir expandíndose? Unida á promoción xeral da nosa cultura, a aposta galega por unha democracia lingüística debe asentar nun esforzo continuado, racional e apoiado en instrumentos legais que permitan facer de Galicia unha comunidade menos illada, cunha imaxe virada para a modernidade e o dinamismo. Nesa perspectiva, só habilitando dispositivos institucionais ad hoc e instrumentando mecanismos de cooperación, dentro e fóra de Galicia, poderanse suxerir vías efectivas de acción para a xestión deste problema.

Galicia está en inferioridade de condicións en varios parámetros: no uso corrente no sistema político ou científico, presenza na Rede ou no mercado internacional universitario, nas industrias culturais. Procede unha intervención consciente e planificada nestes ámbitos se queremos incrementar o seu peso e reafirmar a nosa identidade. Para iso, é clave tamén reforzar a conciencia social sobre o valor, a importancia e a potencialidade da nosa lingua, que debe nutrirse dunha rede de especialistas e de institucións comprometidas con esta tarefa. Todo iso pode favorecer a nosa visibilidade internacional. A vía principal non ten dúbida: o achegamento ao espazo lusófono. Por iso quixemos achegar neste número unha primeira visión global deste problema, a través de tres traballos elaborados por Camilo Nogueira, José Palmeira e Marcos Martín, sen máis propósito que abrir a reflexión para o debate nun momento en que a Mesa do Parlamento Europeo rexeitou o uso das linguas cooficiais no Estado, a pesar do apoio do Goberno español, do Comité das Rexións ou do Consello Europeo.

A estratexia exterior de Galicia non precisa de moitas reviravoltas. Debe asentar no que somos para poder desenvolver a nosa propia personalidade. É aí onde cómpre acertar. Non só no plano lingüístico, tamén no propio feito político. No inicio da reforma estatutaria, urxe comprender que estamos no mundo e que dispoñemos de capacidades, non tan limitadas, para promover accións internacionais tendentes a defender os nosos intereses (incluída a identidade), con imaxinación e sentido de futuro, mesmo para impulsar unhas Nacións Unidas das entidades subestatais co fin de mellorar en todos os continentes o status dos poderes “rexionais”. Se é posible unhas Nacións Unidas das cidades como se anda a promover, por que non das autonomías? Prolifera situacións complexas nesta orde, como é o

*caso de Cabinda (Orlando Castro), ou, con outros perfís, os temas moldavo (Alex Romanov) ou amazigh (David Alvarado), que hoxe poderían contar con foros globais onde visibilizar e propor alternativas superadoras e democráticas.*

*En Asia estivemos xa e teremos que volver a ela moitas veces porque será a clave do século XXI. Nesta ocasión, abordamos unha crise de actualidade, a do Nepal, da man de Ramón Lugrís. Tamén facemos unha achega a esoutro xigante que é a India dende a visión dunha cooperante galega comprometida coa transformación dese país (María Reimóndez) e, por último, ás complexas relacións entre China e os EUA, da man de quen subscribe a presente carta.*

*Para rematar, incorporamos tres reflexións sobre a cuestión nuclear iraníana (Ricardo Arredondo), as implicacións do caso Granda (Camilo Suescún), e a política exterior estadounidense (Jared Larson). Colaboracións todas que expresan a diversidade dos problemas do mundo contemporáneo e tamén da idoneidade da nosa lingua para abordalos. Porque o mundo, e non só a poesía, tamén se pode expresar en galego.*

*O director.*